

Lembranza das catacumbas


verbo da triloxía de Xavier Alcalá sobre o evanxelismo

Un 18 de xullo de 1986, cincuenta anos despois do golpe de estado fascista que rematou coa República, Manuel Valeriano Liñares colle papel e lapis e comeza a relatar, na soidade íntima do seu escritorio, o nunca contado, a dura historia de represión vivida pola comunidade evanxélica galega na Guerra Civil e na ditadura franquista. Así comeza a triloxía de Xavier Alcalá, un esforzado exercicio por parte do autor por recuperar uns feitos ignorados polo relato da historia e do xornalismo.

No 1999, recén publicada *Alén da desventura*, o escritor comeza a tecer os fíos da memoria, mais a dureza do que lle contan é tal que non tardan en aparecer dificultades para a abordaxe desta tarefa. Como facer referencia aos executores da represión franquista? Como denunciar as barbaries por eles cometidas sen ferir os seus

descendentes? Alcalá chegou a un acordo cos informantes: relatar os feitos tal como foron pero non delatar a identidade das e dos protagonistas, nin dos represores nin dos reprimidos. Só se manteñen sen variación o nome de determinados personaxes, como o do cura Rubinos, que no escurantismo católico romano do réxime mesmo chegou a distorsionar dende o púlpito, ante fieis que tiñan prohibido ler por si mesmos a Biblia, verdades teolóxicas básicas, convertendo a María en camiño de salvación e vida, función que no Evanxeo lle corresponde a Xesús.

Os feitos, porén, manteñense fieis ao acontecido. Son reais os múltiples episodios de represión que alimentan as 700 páxinas dos dous libros que xa saíron do prelo, *Entre fronteiras* (que vén de ser publicado en castelán) e *Nas catacumbas*, así como as palabras aínda inéditas da obra que pechará a triloxía. As e os crentes evanxélicos foron perseguidos por comunistas, masóns e protestantes. Esa contraditoria ficha era escusa abonda para ser fusilados, paseados polos falanxistas, expulsados dos seus traballos, perseguidos os seus negocios. As comunidades evanxélicas tiveron que vivir nas catacumbas, reclusas á clandestinidade nos tempos escuros do franquismo. Curas fascistas e beatas executaron eficazmen-



© Marcos Soneira

te o acoso e derrubo. Dende os púlpitos recomendouse que non se comerciase cos protestantes. A miseria económica á que os destinaba o réxime obrigáboas á emigración, a cruzar o Atlántico, a un lugar onde poder vivir e desenvolver a súa fe sen cadeas. Mesmo en morte, a comunidade evanxélica foi desterrada, prohibido o enterramento da súa xente nos cemiterios que, no franquismo, deixaron de ser municipalizados para pasar á tutela católico romana.

Da tarefa de recuperación dos cemiterios evanxélicos como lugares de memoria e respecto fálanos con fondo compro-

miso Manuel Molares, en boa medida o referente real do Manuel Valeriano Liñares da triloxía. É unha das tarefas nas que está involucrado aos seus 90 anos, como relacións públicas do Consello Evanxélico Galego. Relátanos, victorioso, o acordo conseguido coa Xunta para a rehabilitación dos cemiterios evanxélicos e das foxas onde foron enterrados os crentes, como lugar de respecto, recoñecemento e lembranza. Tal como se relata na novela, Manuel entrou en contacto coa doutrina evanxélica nos anos da República, sendo só un adolescente, e con tan só 18 anos fundou na parroquia de Oleiros, preto da fronteira con Portugal, unha comunidade de crentes. Por «comunista, masón e protestante» estivo a piques de ser fusilado nos inicios da contenda. Chamado a filas polo bando nacional, foi destinado aos postos de máis perigo, á liña de «irás e non volverás», a máis próxima ao bando contrario. E xa rematada a guerra, foi expulsado do seu traballo de ferroviario. El e tantos outros e outras crentes evanxélicas decidiron que a súa memoria non quedara pechada na gabeta do olvido e botaron man de Xavier Alcalá para escribir co sangue daquelas e daqueles que estiveron na diana persecutoria. Historias que estarrecen e que se resisten a morrer no esquecemento.